

1) CORRECCIÓN ERROS INSTRUCCIÓN 2/2019 COMEDORES XESTIÓN DIRECTA

Advertidos erros materiais na Instrucción 2/2019 do 6 de xuño, procédese a súa corrección segundo se detalla:

a) Na páxina 24 relativa aos cálculos nos supostos de máis de 6 meses en paro:

“- Certificado do INEM no que se acredeite a súa situación de máis de 6 meses en paro e resolución na que figure o importe que lle corresponde cobrar no ano 2019 polo subsidio de desemprego, ou por calquera outra prestación, estimando os ingresos previsibles pendentes de cobro.

- Documento acreditativo dos ingresos dos restantes membros da unidade familiar no exercicio 2019, estimando os ingresos previsibles pendentes de cobro, a través das nóminas, así como de xustificantes acreditativos de calquera outro ingreso.”

b) Na páxina 32 relativa aos cálculos económicos en determinados usuarios:

“- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas 0003 (retribucións dinerarias) e 0027 (intereses) e restar os importes das casiñas 0013 (cotizacións seguridade social), 0596 (retencións procedentes do traballo) e 0597 (retencións procedentes do capital mobiliario).”

c) Na páxina 38 relativa a semana de referencia para realizar o cálculo das bolsas de comedores:

“O cálculo dos importes das bolsas que lle correspondan a cada centro será realizado a través da aplicación informática COMEDORES. A tal efecto, para o importe que corresponda en función do tipo de bolsas e do número de usuarios para o período setembro - decembro 2019, o cálculo levarase a cabo en función dos menús efectivamente consumidos entre o 14 ao 18 de outubro de 2019; para o período xaneiro-marzo 2020, o cálculo levarase a cabo en función dos menús efectivamente consumidos do 13 ao 17 de xaneiro; e para o período abril-xuño 2020, o cálculo levarase a cabo en función dos menús efectivamente consumidos do 13 ao 17 de abril de 2020.”

d) Asemade, na páxina 47 relativa aos usuarios máximos no CEIP de Melide, acadan 154 usuarios máximos autorizados de Luns a Venres.



2) CORRECCIÓN ERROS INSTRUCCIÓN 3/2019 COMEDORES XESTIÓN INDIRECTA

Advertido erro material na Instrucción 3/2019 do 6 de xuño, procédese a súa corrección segundo se detalla:

a) Na páxina 32 relativa aos cálculos económicos en determinados usuarios:

“- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas 0003 (retribucións dinerarias) e 0027 (intereses) e restar os importes das casiñas 0013 (cotizacións seguridade social), 0596 (retencións procedentes do traballo) e 0597 (retencións procedentes do capital mobiliario).”

Santiago de Compostela,
o Secretario Xeral Técnico

Jesús Oitavén Barcala

